



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALLEGO DE MARACAIBO PARA O ESTABLECEMENTO DUN PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN MARACAIBO (VENEZUELA).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Gallego de Maracaibo (Venezuela) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para o establecemento dun Punto de Información e Asesoramento nas instalacións do Centro Gallego de Maracaibo (Venezuela).

O Punto de Información e Asesoramento ten como finalidade a realización de actividades de información, difusión, asesoramento e colaboración na xestión dos programas e das actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente as de carácter socio asistencial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Centro Gallego de Maracaibo en Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro, rexistrada como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade, que ten entre outros fins o acollemento dos emigrantes galegos residentes na súa área xeográfica así como a





difusión dos valores tradicionais, sociais e culturais de Galicia neste estado e que agrupa actualmente a máis de catrocentos emigrantes galegos e os seus descendentes.

En Maracaibo reside unha importante colonia galega susceptible e potencial colectivo de persoas beneficiarias dos programas e actividades que anualmente leva a cabo a Secretaría Xeral da Emigración. Ambas partes coinciden en que é necesario chegar a este colectivo para que coñeza o contido das accións das que pode beneficiarse, especialmente daquelas de carácter socio asistencial, dado o actual contexto económico que se vive no país que fai que moitos deles se atopen en situación de carencia e que por descoñecemento non soliciten participar en ditos programas.

A Secretaría Xeral da Emigración está interesada en establecer un punto de información en Maracaibo para divulgar, informar e asesorar á comunidade galega que alí reside dos programas e das actividades que executa, co obxecto de que poidan participar nas súas convocatorias, e que ademais contribúa na tramitación das solicitudes dos interesados, e o Centro Gallego de Maracaibo está disposto a realizar ese labor e conta con infraestrutura suficiente para albergar un punto de información en beneficio da colectividade.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará sete mil euros (7.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria





04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de febreiro de 2018.

